

O TESOURO DE RANDE

A Guerra de Sucesión

O primeiro de novembro de 1700 morría sen descendencia directa Carlos II, o derradeiro rei da Casa de Austria en España. Austria e Francia acariñaban a idea de colocar no trono español a membros das súas respectivas familias. Poucos días antes do falecemento de Carlos II, o rei Luís XVI conseguiu a coroa española para o seu neto, o duque de Anjou, que a tomaría co nome de Felipe V. Esta unión entre España e Francia alarmou ó resto dos países europeos, que consideraban perigosa a gran influencia adquirida por Francia sobre o gran imperio español.

Como resultado desta tensión, desencadeouse unha guerra na que España e Francia enfrontaríanse a unha coalición formada por Inglaterra, Holanda e Alemaña.

En Maio de 1702, fíxose pública por parte dos aliados a declaración de guerra contra Luís XVI e Felipe V. Un exército desembarcou nos Países Baixos, onde puido desalojar ás tropas francesas. Sabedores de que a Flota da Prata viña de camiño procedente das Indias, cargada de tesouros, e con intención de arribar ó porto de Cádiz, que era o punto establecido pola Casa de Contratación de Sevilla para a entrada e saída do comercio, unha flota anglo-holandesa dirixiuse, capitaneada por Rooke, ás costas andaluzas. Saquearon o porto de Cádiz e outros puntos da baía, como Rota e o Porto de Santa María, particularmente as igrexas, onde os comerciantes tiñan posto a bo recaudo as súas pertenzas. Nembargantes, a flota tivo que abandonar o bloqueo pois as perdas eran cuantiosas e os víveres escaseaban.

Na súa viaxe de volta, a escuadra anglo-holandesa enterouse, gracias ós seus espías, de que os galeóns procedentes de América estaban en Vigo, polo que se dirixiu a este porto nun intento de resarcirse do seu fracaso.

A Escuadra da Prata

A casa de Contratación de Sevilla monopolizaba tódalas mercadorías que partían cara América e as que chegaban na viaxe de regreso, para esixir os tributos e aranceis que correspondían á Coroa, sendo o porto de Cádiz o punto de partida e chegada. Este organismo converteuse pronto nunha institución fraudulenta que proporcionaba enormes beneficios a capitáns, comerciantes e funcionarios corruptos, estimándose que a carga real dos galeóns era sempre de dúas a dez veces superior á oficial.

Os barcos españois levaban ás colonias produtos manufacturados e voltaban con valiosos cargamentos de ouro, prata, cacao, tabaco, madeiras nobres, especias, etc.

A Batalla de Rande

O 19 de outubro de 1702, enterados da proximidade de Rooke, comezaron os preparativos para a defensa: caváronse trincheiras, requisáronse víveres e pólvora, e ademais, na bocana da baía, dispúxose unha estacada flotante formada por balsas, embarcacións e barriles unidos.

A flota anglo-holandesa foi avistada ó sur da Illas Cíes o 21 de outubro. Ó día seguinte, entraron na ría pasando arrimados a Cangas para evita-los cañons de Vigo e dobraron A Guía para destroza-la estacada.

O día 23 produciuse un desembarco na praia de Domaio e outro na enseada de Teis. As tropas anglo-holandesas avanzaron por terra e, tras horas de intensa loita, apoderáronse dos fortíns, comezando así a batalla naval.



Finalmente, españois e franceses, conscientes da derrota decidiron queimar as súas naves para impedir que o inimigo se apoderara de nove galeóns e seis navíos.

Como resultado da batalla, ningún dos buques españois e franceses puido salvarse: todos caeron en poder do inimigo ou foron devorados polas chamas, ou somerxidos no mar coas grandes riquezas que traían. Pereceron dous mil españois e franceses, e oitocentos ingleses e holandeses.

Os vencedores non abandonaron a ría ata o 5 de novembro. Durante o tempo que permaneceron aquí, adicáronse a saquea-la zona de Redondela e a queimar algunhas igrexas da baía e o convento franciscano da illa de San Simón, deixando o país cheo do maior horror e consternación.

Ademais das mercadorías descargadas antes da batalla, do botín conseguido polos ingleses e holandeses e do recuperado polas diversas expedicións, hai persoas que sosteñen que parte das mercadorías aínda permanecen no fondo do Estreito de Rande.

O certo é que a resonancia do combate, e o que uns e outros contaban sobre o botín afundido, espertou moi pronto o desexo de rescatalo, e ata a actualidade véñense realizando prospeccións, pero con escasos resultados pois os fondos da ría son moi fangosos. Os únicos achados foron madeiras exóticas, coas que se construíu o antigo muelle en Vigo (en pé ata 1923), canóns, áncoras e cadeas, como as que se atopan no monte de Castro, botixos, bandexas de prata..., pero dun buque inglés.

Os novelistas non deixaron tampouco de aproveitar o asunto dos tesouros de Rande para as súas obras. O escritor francés Julio Verne estivo en Vigo en 1878. Parece que durante a súa estancia na cidade coñeceu a historia da batalla de Rande, e tamén a "lenda" sobre a existencia dun tesouro nos galeóns afundidos. O autor decidiu incluír este episodio na súa novela "20.000 leguas de viaxe submarino", na cal o capitán Nemo, que viaxaba no seu submarino o Nautilus, recollía parte dos tesouros dos galeóns afundidos na baía de Rande.

No diálogo que o capitán Nemo sostén co profesor Aronnaux, estando o submarino pousado precisamente no lugar do combate de 1702, di o segundo ó primeiro:

- "Permitídemme dicirvos que ó explorar esta baía de Vigo, non fixéstedes senón adiantarvos ós traballos dunha sociedade rival.

- "¿Cal? - pregunta Nemo

- Unha sociedade que recibiu do Goberno español o privilexio de buscar os galeóns somerxidos. Os seus accionistas están moi animados co cebo dun enorme beneficio, porque calculouse en cen millóns de duros o valor das riquezas aquí somerxidas"

O botín e os tesouros de Rande

O combate de Vigo e as súas desastrosas consecuencias para España e para Francia, tiveron unha resonancia enorme en todo el mundo. Mentres España choraba o seu desastre e Francia lamentaba a perda do seus mellores barcos, Inglaterra e Holanda pregoaban ós catro ventos a súa grande vitoria e ponderaban o botín recollido. Os ingleses conseguiron un millón e medio de libras esterlinas, e os holandeses aínda máis, dícese que uns dous millóns.

Para conmemorar este importante triunfo, Inglaterra e Holanda acuñaron diversas moedas nas que se representaba a batalla de Rande. Ademais, en Londres déuselle o nome de "Vigo" a unha rúa.

(Non consta autoría)

(Publicado en "Festas do Cristo". Cangas, Agosto de 2001)